

## **BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN POR CONCORRENCIA COMPETITIVA DE PRÉSTAMOS SEN XUROS (ANTICIPOS) A MUNICIPIOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, ANO 2016**

### ***Primeira. Obxecto***

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión de préstamos a longo prazo, sen xuros, destinados a financiar os investimentos dos concellos que reúnan os requisitos e as condicións establecidos nelas e, excepcionalmente, a concesión de préstamos a curto prazo con destino ó financiamento de operacións de tesourería.

### ***Segunda. Natureza xurídica***

A Deputación de Pontevedra subvenciona a totalidade dos xuros destes préstamos polo que, de acordo co disposto no artigo 2.4.h da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), se rexerán por esta lei e terán a consideración xurídica de subvencións. Así mesmo, serán aplicables o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo (RLXS) e o Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).

### ***Terceira. Beneficiarios***

Poderán solicitar estes préstamos todos os concellos da provincia de Pontevedra cunha poboación inferior ós 50.000 habitantes, de acordo co último padrón ou actualización publicados polo INE.

Ademais, concellos solicitantes deben cumprir os seguintes requisitos:

- Ter aprobado o orzamento para o exercicio corrente ou, no caso de prórroga, cumprir co previsto no artigo 50 do TRLRFL.
- Non ter pendentes de pagamento cotas de amortización de préstamos contraídos coa Deputación ou a comisión de formalización dalgún préstamo xa concedido.

### ***Cuarta. Financiamento***

Para financiar este programa existe consignación na aplicación 942.9420.821.20 do Orzamento provincial para o exercicio 2016, cun crédito inicial de un millón cincocentos mil euros (1.500.000,00€). Non obstante, a dotación orzamentaria queda condicionada a aprobación do expediente de modificación, suplemento de crédito, que estase a tramitar.

De non esgotarse este crédito, poderíase promover outra/s convocatoria/s con estrita suxeición a estas bases e, asemade, o crédito pode ser ampliado mediante os distintos expedientes de modificacións de crédito (artigos 58 e 59 do RLXS)

### ***Quinta. Finalidade para a cal se poden conceder os préstamos sen xuros***

Con cargo a este programa pódense conceder préstamos sen xuros para as seguintes finalidades:

- **Liña 1.- Financiamento de Inversións:** Con carácter preferente, para facerlle fronte á achega dos beneficiarios ós investimentos incluídos nos plans provinciais de cooperación, ós investimentos financiados con fondos FEDER ou outros fondos comunitarios así como a outros investimentos financiados pola Administración do Estado ou a Comunidade Autónoma. Asemade, para o resto de investimentos en obras e servizos dos concellos beneficiarios.
- **Liña 2.- Operacións de Tesourería:** Para facerlles fronte a necesidades urxentes ou desfases transitorios, previo informe dos servizos de Cooperación e de Intervención da Deputación, cando o considere así o órgano competente para conceder. O prazo máximo é de un ano.

#### ***Sexta. Características dos préstamos***

Os préstamos que concede a Deputación a través do Servizo de Cooperación terán as seguintes características:

- Importe máximo que se pode conceder: o 90 % do custo do investimento, sen que supere os 400.000 euros. En casos especiais o órgano competente para resolver poderá, motivadamente, incrementar o importe absoluto e/ou relativo. Así mesmo, cando tras a asignación, de acordo co límite anterior, haxa excedente de crédito poderánselles incrementar os importes inicialmente concedidos a todos os solicitantes ata o esgotamento do crédito sobranste ou proceder a unha nova convocatoria.
- Xuros: os préstamos que se concedan non lle reportarán ós concellos xuros, nin comisións ou gastos doutro tipo.

#### ***Sétima. Solicitude e documentación***

As solicitudes formalizaranse nos modelos normalizados, que se entregarán totalmente cubertos, e que se facilitarán no Rexistro xeral da Deputación de luns a sábado, no da súa sede de Vigo de luns a venres, no Servizo de Cooperación ou na páxina web [www.depo.es](http://www.depo.es).

As Solicitudes presentaranse asinadas polo alcalde do Concello na que se indiquen con claridade o orzamento e o importe do anticipo que se solicita (anexo I) e asemade achegarse para cada liña de financiamento a seguinte documentación:

#### **Liña 1:**

- Proxecto do investimento que se vai realizar, cando sexa necesario segundo o previsto no RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP), no seu regulamento ou nas normas complementarias. En caso de non ser necesario, unha memoria explicativa e un orzamento detallado da obra ou o do servizo que se vai realizar.
- Certificación do concello solicitante pola cal:
  - Se aproban as condicións do contrato do préstamo.
  - Se compromete a consignar nos seus orzamentos para os exercicios nos que estea vixente o préstamo, a cantidade necesaria para proceder á súa amortización (anexo III).
  - Se faculta á Deputación para reter ou compensar calquera saldo que teña ó seu favor con toda clase de débedas vencidas e pendentes de pagamento (anexo III).
- Certificado de ter pagadas as cotas de amortización vencidas de préstamos contraídos coa Deputación e, no caso de que algunha delas venza antes da sesión de concesión do préstamo, o compromiso de proceder ó seu pagamento sen exceder esa data (anexo II).
- Certificado do esforzo fiscal, do número de habitantes e de ter o orzamento municipal aprobado para o exercicio corrente ou, no seu defecto, de telo prorrogado de acordo co previsto no artigo 50 do TRLRFL (anexo II).
- Certificación na que conste se se obtivo ou se solicitou calquera outra axuda, subvención, ingreso ou recurso que financie o investimento que se vai subvencionar, así como o compromiso de comunicarlle á Deputación os que se obteñan nun futuro (anexo II).
- Compromiso de comunicarlle á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro a solicitude da operación de crédito e, se é o caso, a súa concesión, así como calquera outro requisito establecido na normativa reguladora das operacións de crédito no ámbito local (anexo II).
- Datos bancarios para, se é o caso, realizar o aboamento do anticipo (anexo II).
- Certificado sobre o aforro neto, de acordo coa última liquidación do seu orzamento, e sobre a débeda viva pendente de amortizar na data da solicitude.

**Liña 2:**

- Certificación do concello solicitante pola cal:
  - Se aproban as condicións do contrato de anticipo.

- Se compromete a consignar nos seus orzamentos para os exercicios nos que estea vixente o préstamo, a cantidade necesaria para proceder á súa amortización (anexo III).
- Se faculta á Deputación para reter ou compensar calquera saldo que teña ó seu favor con toda clase de débedas vencidas e pendentes de pagamento (anexo III).
- Certificado de ter pagadas as cotas de amortización dos préstamos contraídos coa Deputación e, no caso de que algunha delas venza antes da sesión de concesión do préstamo, o compromiso de proceder ó seu pagamento sen exceder esa data (anexo II).
- Certificado do esforzo fiscal, do número de habitantes e de ter o orzamento municipal aprobado para o exercicio corrente ou, no seu defecto, de telo prorrogado de acordo co previsto no artigo 50 do TRLRFL (anexo II).
- Certificación na que conste se se obtivo ou se solicitou calquera outra axuda, subvención, ingreso ou recurso que financie o investimento que se vai subvencionar, así como o compromiso de comunicarlle á Deputación os que se obteñan nun futuro (anexo II).
- Compromiso de comunicarlle á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro a solicitude da operación de crédito e, se é o caso, a súa concesión, así como calquera outro requisito establecido na normativa reguladora das operacións de crédito no ámbito local (anexo II).
- Datos bancarios para, se é o caso, realizar o aboamento do anticipo (anexo II).
- Certificado sobre o aforro neto, de acordo coa última liquidación do seu orzamento, e sobre a débeda viva pendente de amortizar na data da solicitude.

A documentación que se presente será orixinal ou, no caso de estar fotocopiada, deberá ir cotexada.

Nos casos de defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base ou de incumprimento do previsto no artigo 70 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requiriráselle ó interesado que emende as faltas no prazo máximo de 10 días hábiles, indicándolle que, de non o facer, se terá por desistido da súa solicitude, previa resolución, que deberá ditarse nos termos previstos no art. 42 da Lei 30/92.

#### ***Oitava. Forma e prazo de presentación***

As presentes bases reguladoras serán publicadas no BOPPO e con posterioridade remitirase a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na páxina web da Deputación e no taboleiros de anuncios.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO).

A presentación da solicitude implicará que se autoriza á Deputación para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecidos non serán admitidas nesta convocatoria.

As solicitudes irán dirixidas ó presidente da Deputación de Pontevedra e presentaranse no Rexistro xeral desta institución de luns a sábado, no da súa sede de Vigo de luns a venres ou a través de calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992.

#### ***Novena. Criterios de concesión e cuantificación dos préstamos***

Os préstamos que se concedan por concorrencia competitiva concederanse de acordo coas seguintes normas:

- Achegas a plans provinciais de investimentos (PID), convenios e investimentos financiados con fondos FEDER ou outros fondos comunitarios, así como outros investimentos financiados pola Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, valoraranse ata 15 puntos.
- Investimentos en servizos públicos contemplados nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 abril, de bases de réxime local (LBRL), valoraranse ata 20 puntos.
- Interese provincial, valorarase ata un máximo de 30 puntos segundo o seguinte detalle:
  - Proxectos que primen o desenvolvemento sostible, a eficiencia enerxética, o abastecemento e o saneamento da auga, valoraranse ata 10 puntos.
  - Proxectos que primen a xeración de infraestruturas valoraranse ata 10 puntos.
  - Proxectos que primen a creación de emprego, valoraranse ata 10 puntos.
- Achega do Concello ó investimento, valorarase ata 10 puntos.
- Esfuerzo fiscal per cápita, valorarase ata 5 puntos.
- Número de habitantes do ente local, valorarase á inversa, ata 20 puntos.

#### ***Décima. Instrución, comisión de valoración e resolución***

A instrución do procedemento de concesión dos préstamos sen xuros correspóndelle á xefa do Servizo de Cooperación, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos expedientes. Así mesmo, deberá elaborar un informe-proposta no que aplique os criterios de concesión e cuantificación establecidos na base novena.

O informe-proposta, fiscalizado polo Servizo de Intervención, estudarao e avaliarao una Comisión de valoración que, ademais, poderá recabar cantos informes estime necesarios e emitirá unha proposta na que lle suxerirá motivadamente ó órgano competente a concesión e/ou desestimación das solicitudes de anticipos tramitadas.

A Comisión de valoración é un órgano colexiado composto por:

- Presidente: o da Deputación ou o deputado en quen delegue.
- Vogais: o presidente da Comisión informativa de Cooperación Municipal e a xefa do Servizo de Cooperación.
- Secretario: actuará como secretario, sen voto, un funcionario do Servizo de Cooperación.

O procedemento de concesión destes préstamos é o de concorrencia competitiva.

Despois de transcorrer seis meses a partir do día seguinte ó remate do prazo para presentar a solicitude sen que os interesados obteñan resposta expresa entenderase desestimada a petición.

#### ***Décimo primeira. Modificación dos préstamos***

Unha vez adoptado o acordo ou a resolución de concesión poderase solicitar un único cambio ou modificación do seu contido se concorren circunstancias excepcionais, segundo o establecido nas distintas normas desta convocatoria.

Estas circunstancias poderán ser:

- Recibir axudas ou subvencións doutros organismos públicos ou privados que cubran a totalidade do investimento.
- Ter prioridade na realización doutro investimento que teña que acometer a entidade local e non conte con crédito suficiente para levalo a cabo.
- Algún impedimento administrativo ou doutro tipo que impida a súa realización.

O cambio de aplicación ou modificación da finalidade do anticipo deberase solicitar antes de que finalice o prazo de disposición.

#### ***Décimo segunda. Publicidade***

As entidades locais que sexan beneficiarias da concesión dun préstamo deberán darlle a adecuada publicidade ó financiamento obtido da Deputación:

En todas as accións de comunicación ou publicidade (carteis, folletos, programas, placas, cartas, páxina web e outras) deberán facer constar o apoio que reciben por parte da Deputación de Pontevedra. Isto farano incluíndo o logotipo da institución provincial nun lugar visible en todas as comunicacións, tal e como se indica no anexo de publicidade.

No citado anexo e na páxina web [www.depo.es](http://www.depo.es) atópase o exemplo de tratamento que se lle debe dar á imaxe institucional da Deputación.

Para dúbidas e/ou aclaracións pódese contactar co Servizo de Comunicación Institucional do organismo provincial a través do enderezo electrónico [comunicacion@depo.es](mailto:comunicacion@depo.es) ou do teléfono 986 804 100.

#### ***Décimo terceira. Xustificación, pagamento e disposición do préstamo***

O pagamento das disposicións do préstamo farase a medida que se xustifique a realización dos investimentos que se financian con este; aboarase para cada xustificación que se presente a parte proporcional en relación co custo total do investimento.

Para percibir o importe do préstamo, de acordo con estas bases, é necesario presentar ante a Deputación os seguintes documentos:

- Conta xustificativa dos gastos (anexo IV) na que relacionarán as certificacións, facturas ou documentos con valor probatorio no tráfico mercantil e administrativo, identificando o provedor, CIF, número de factura ou certificación, concepto e importe.
- Certificacións de obra, facturas orixinais ou cotexadas, debidamente dilixenciadas, cos requisitos que lles dean validez, aprobadas polo órgano competente do concello.
- No caso de investimentos achegaranse o contrato e a acta de comprobación de replanteo cando este requisito sexa esixible de acordo co disposto no RDL 3/2011, de 14 de novembro; ademais, a última certificación acompañarase da acta de recepción.
- Tratándose da adquisición de bens inmoables debe achegarse a escritura pública do contrato de compravenda. Neste caso, se así o solicita a Entidade Local, poderase anticipar o importe do préstamo e achegar a documentación xustificativa despois da súa disposición..

- Declaración acreditativa de que os gastos que figuran na conta xustificativa son reais e se aplicaron á finalidade subvencionada, quedando á disposición da Deputación para o seu exame se esta entidade o considerase oportuno (anexo IV).
- Proba gráfica conforme se lle deu a debida divulgación do financiamento obtido da Deputación con indicación dos medios onde se publicitou. A Deputación poderá comprobar, a través dos servizos de inspección, que se lle deu a adecuada publicidade; de non ser así non se procederá ó libramento do anticipo.
- Declaración de que as axudas recibidas non superan o custo do investimento para o cal se concedeu o préstamo (anexo IV).
- No caso operacións de tesourería, achegarase certificado do ingreso en contabilidade expedido polo Interventor ou Secretario do concello.

Esixirase a xustificación do 100 % do orzamento ou do proxecto que serviu de base para a concesión do anticipo; en caso de xustificarse un gasto inferior ó 100 % aboarase a parte proporcional do préstamo.

Non se procederá ó libramento do anticipo no caso daqueles concellos que teñan pendentes de pagamento cotas de amortización de préstamos contraídos coa Deputación.

O prazo de disposición será, como máximo, de dous anos contados desde a sinatura do contrato. Só en casos especiais debidamente xustificadas se poderá prorrogar por un período máximo dun ano.

O prazo para xustificar o anticipo será o mesmo que para a súa disposición.

#### ***Décimo cuarta. Amortización do préstamo***

Teranse en conta as seguintes indicacións:

- Amortización: O prazo máximo vincúlase ó carácter do préstamo.
  - Liña 1: Non poderá superar os 15 anos desde o seguinte ó da formalización do contrato
  - Liña 2: O prazo máximo é dun ano natural, de conformidade co disposto no artigo 51 do TRLRFL.
- Así mesmo, agás para as operacións de tesourería , as entidades locais poderán solicitar un período de carencia que non excederá os tres anos desde a formalización do contrato.
- Inicio da amortización: o ano seguinte ó da formalización do contrato, salvo para aquelas entidades locais que, despois de transcorrer este prazo, aínda non dispuxesen do préstamo, en cuxo caso a amortización comezará o ano seguinte a

aquel no que se realice a primeira disposición e non poderá superar o prazo de quince anos.

- O importe de cada amortización anual será o resultado de dividir o saldo disposto entre os anos que falten para finalizar a amortización.
- As amortizacións serán por períodos naturais anuais e faranse efectivas na conta de Abanca número 2080.5401.57.3110106612.

#### ***Décimo quinta. Compatibilidade con outras subvencións***

Os préstamos son compatibles con calquera outra subvención ou axuda pública ou privada, nacional ou comunitaria, destinada a financiar o investimento, sempre e cando o importe agregado das subvencións e o anticipo non superen o custo total do investimento.

No caso de que o importe agregado das subvencións e o préstamo superen o importe do custo do investimento recortarase o importe do préstamo.

#### ***Décimo sexta. Réxime sancionador***

Será de aplicación o réxime sancionador previsto na LXS, coas especificacións indicadas na súa disposición adicional décimo cuarta.

#### ***Décimo sétima. Reclamacións***

Contra estas bases poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, tal e como se prevé no art. 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses.

Contra as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse un recurso de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes.

Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen que haxa contestación; así mesmo, contra esta resolución poderá interponerse directamente o antedito recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos os prazos contarán a partir do día seguinte ó da recepción da correspondente notificación ou, se é o caso, á publicación no BOPPO ou á data na que o recurso de reposición se entenda desestimado.

#### ***Décimo oitava. Dereito supletorio***

Para o non previsto nestas bases contemplarase o establecido nas de execución do Orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2016, na LXS (BOE núm. 276, de 18 de novembro de 2003), no seu regulamento (BOE núm. 176, de 25 de xullo de 2006), na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no RDL

2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRFL e nas demais disposicións vixentes que resulten de aplicación.

*ANEXOS DA CONVOCATORIA E MODELOS DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN*

Todos os anexos referidos nestas bases ou os modelos normalizados para a solicitude destas subvencións facilitaranse no Servizo de Cooperación ou ben a través da páxina web [www.depo.es](http://www.depo.es).